



ANEXO IV BAREMO

No suposto previsto no artigo 3.1.c) 4º e 3.2 b) aplicaranse os criterios establecidos no seguinte baremo:

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos
2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao cargo desta: 1 punto
3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacera nun parto múltiple: 1 punto
4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos
5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos
6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos
7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos
8. Cando a persoa solicitante sexa deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, ou teña a condición de adestradora, técnica, xuíz/a ou árbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia: 1 punto
9. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

Criterios sobre a situación laboral e familiar:

a) Situación laboral de ocupación:

- Nai: 8 puntos
- Pai: 8 puntos

b) Situación laboral de desemprego (1):

- Nai: 2 puntos
- Pai: 2 puntos

c) Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (RISGA):

- Nai: 3 puntos.
- Pai: 3 puntos.

(1) Sobre a situación laboral de desemprego, valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución.

No caso de familias monoparentais ou aquelas nas que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.



SITUACIÓN ECONÓMICA

Renda per capita (RPC) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 desta resolución):

- Inferior ao 30% do IPREM: +4 puntos
- Do 30% ou superior e inferior ao 50% do IPREM: +3 puntos
- Do 50% ou superior e inferior ao 75% do IPREM: +2 puntos
- Do 75% ou superior e inferior ao 100% do IPREM: +1 punto
- Do 100% ou superior e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto
- Do 125% ou superior e inferior ao 150% do IPREM: -2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM: -3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM: -4 puntos

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

Para os efectos desta resolución están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes da situación laboral familiar e da situación económica do baremo.

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.